XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 986467019 FAX: 986 467868
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/

CURSO 2013-2014

CIRCULAR - Nº 14

INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA AS FAMILIAS

A Consellería de Educación publicou o 31 de xaneiro de 2014, o **PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA.** Estas normas son de obrigado cumprimento para todo o alumnado escolarizado en ensinanzas obrigatorias.

Considérase **absentismo** a ausencia ao centro escolar, sen causa debidamente xustificada, un máximo dun 10% do horario lectivo mensual **(2 días).**

Con carácter xeral, teñen a consideración de **xustificables** as seguintes faltas de asistencia á clase:

a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos por mes.
e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

O **control da asistencia** a clase do alumnado farase **diariamente** por parte do profesorado, quen rexistrará as posibles ausencias segundo o procedemento establecido.

A xustificación das falta, realizarase por parte do pai, nai ou persoas titoras legais ou gardadoras do alumno/a, ante o titor/a, **SEMPRE CO MODELO FACILITADO POLO CENTRO** e acompañado, segundo proceda, da seguinte documentación:

1.- Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
2.- Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo grao.
3.- Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

✓ A xustificación oral, presencial ou telefónica será meramente informativa, **en ningún caso servirá como xustificante.**

O profesorado titor rexistrará as faltas de asistencia e puntualidade na aplicación informática de xestión académica **(XADE)**, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte, e informará aos pais/nais de todas as faltas non debidamente xustificadas. Todas as faltas quedarán reflectidas no boletín de notas. No caso de que as faltas sen xustificar superen o 10% do horario lectivo mensual, iniciarase un **EXPEDIENTE DE ABSENTISMO** segundo o establecido no propio protocolo.

Considérase **falta de puntualidade** chegar ao centro despois da hora de entrada de forma reiterada, aínda que se permita a entrada ás aulas. No caso de visitas e urxencias médicas, análises clínicos, etc, xustificaranse documentalmente. **No resto dos casos consideraranse non xustificadas**.

✓ *Todo o protocolo pódese consultar na web do noso centro e na da Consellería de Educación*:
http://www.edu.xunta.es/web/node/11632
http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/node/813

Valadares a 26 de marzo de 2014

A DIRECTORA

XUNTA DE GALICIA C.E.P. IGREXA-VALADARES VIGO CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN